# Modelo MD81PLA02

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

# Capítulo I, II e III



**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XAN VIAÑO DE FERROL**

**Curso 2023/24**

# Índice


**Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)... 3**

**1. Obxectivos específicos ... 3**

**2. Medidas que se van desenvolver ... 4**

1. *Horario xeral e criterios para a súa elaboración* ... 4
2. *Horario de permanencia* ... 6
3. *Cadro xeral horario de atención titorial* ... 7
4. *Horario de utilización das instalacións do centro* ... 9
5. *Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autovaliación do conservatorio* ... 10
6. *Outras consideracións* ... 10

**Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010) ... 12**

**1. Documento de organización do centro ... 12**

**2. Modificacións do proxecto educativo ... 12**

**3. Programacións didácticas dos departamentos ... 12**

**Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010) ... 13**

**1. Profesorado participante en programas de innovación educativa ... 13**

**2. Programa anual de formación do profesorado ... 13**

**3. Programa de promoción da lingua galega ... 14**

**4. Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas ... 14**

**5. Plan de autoprotección ... 18**

**ANEXOS ... 19**

- **Plan Anual de Lectura ... 19**
- **Programa de promoción da lingua galega ... 19**
- **DOC – CMUS Xan Viaño - Ferrol ... 19**

# Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

## 1. Obxectivos específicos

Unha vez analizada a situación do centro a través do DAFO se adxuntará á documentación de Calidade.

OBXETIVOS PROPOSTOS:

➔ *Aumentar o número de alumnado do Centro de xeito progresivo*

Coa pandemia, a porcentaxe de baixada de alumnado poderíase cifrar nun 16% (de 450 a 380 alumnos/as, aproximadamente); foi obxectivo de centro tomar accións para recuperar as cifras de alumnado prepandemia nun prazo de tempo razoable e de xeito progresivo.

O obxectivo para este curso será incrementar nun 3% o número de alumnado.

| COORDINACIÓN | ACCIÓNS | DESEÑO, DESENROLO E SEGUEMENTO | IMPLICACIÓN |
|---|---|---|---|
| Vicedirección<br>Xefatura de Estudos | Concertos didácticos<br>Publicidade das actividades realizadas no Centro<br>Charlas informativas | Vicedirección<br>Xefatura<br>Docentes | Docentes<br>Alumnado e familias |

➔ *Dinamizar e dar visibilidade ao Centro en Ferrol e na súa contorna*

A través de colaboracións, intercambios, inclusión en proxectos internacionais… levaremos o traballo feito no centro tanto a Ferrol, como a súa contorna e fóra dela.

Os indicadores de logro serán os seguintes:

- Actividades fora do centro: realización de 10 actividades, como mínimo.
- Actividades dentro do centro: realización de 50 actividades, como mínimo.

- Todas as actividades serán promocionadas a través das canles de comunicación do centro.

| COORDINACIÓN | ACCIÓNS | DESEÑO, DESENROLO E SEGUEMENTO | IMPLICACIÓN |
|---|---|---|---|
| Vicedirección<br>Docentes | Actividades<br>Concertos no Auditorio Municipal, Jofre… | Vicedirección<br>Docentes<br>Secretaría | Docentes<br>Alumnado e familias<br>Poboación |

## 2. Medidas que se van desenvolver

### 1. *Horario xeral e criterios para a súa elaboración*

Dende o 11 de setembro de 2023, data do comezo do curso, e ata o 28 de Xuño de 2024, último día de actividades docentes do Curso 2023/24, o Centro permanecerá aberto de luns a xoves dende as 9:00 h. ás 22:00 h e os venres de 9:00 h. a 21:00 h.

Os horarios de cada materia elaboráronse dende Xefatura de Estudos coa colaboración do Equipo Directivo, segundo os Criterios de elaboración aprobados no Claustro de principios de curso, respectando os horarios de réxime xeral e tendo en conta, na medida do posible, as diferentes idades do noso alumnado.

**Criterios para a confección de horarios:**

*Aprobados no Claustro do 4 de Setembro de 2023.*

*A Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da comunidade Autónoma de Galicia, no seu Capítulo II, o artigo 10 regula a elección de horarios.*

*O punto 1 establece que os horarios serán elaborados pola xefatura de estudos, co resto do equipo directivo, tendo en conta criterios pedagóxicos que teñan sido aprobados polo claustro con anterioridade á elaboración do cadro xeral docente.*

*O presente documento concreta estes criterios pedagóxicos.*

*1. Atención ao horario lectivo do alumnado nos centros de ensino xeral.*

*2. Atención á idade do alumnado, para que os mais novos non rematen tarde.*

*3. Non se permitirá a permuta de horarios entre alumnos/as. Todos os cambios de grupo deberán ser avaliados e aprobados polo Departamento correspondente dentro dos prazos estipulados.*

*4. O alumnado disporá dun tempo mínimo dunha hora para xantar, entre que sae dun centro de réxime xeral e entra no conservatorio e do tempo necesario que lle permita o desprazamento ao centro.*

*5. Garantir, na medida do posible, que o alumnado con materias pendentes teña oferta horaria para asistir a tódalas materias nas que estea matriculado.*

*6. Seguir rigorosamente a seguinte orde á hora de elaborar os horarios:*

*a) Clases de grandes grupos (Orquestra, Banda e Coro) tanto de grao elemental como profesional.*

*b) Clases colectivas (agás as de instrumento).*

*c) Clases colectivas de Cámara e Conxunto.*

*d) Clases colectivas de instrumento.*

*e) Clases individuais de instrumento.*

*f) Clases de Piano Complementario*

*7. De acordo coa orde, tratarase de minimizar, na medida do posible, o número de días que os/as alumnos/as deben acudir ao conservatorio.*

*8. Por norma xeral, a sesión lectiva dunha materia non excederá de hora e media, salvo que, por circunstancias organizativas ou petición expresa do alumnado e sempre que sexa posible, se establezca con carácter puntual algún grupo intensivo de ata 2 horas.*

*9. Os pais/nais/titores ou alumnos/as maiores de idade asinarán un consentimento informado cando opten a horarios nos que non dispoñan de pianista acompañante e/ou de profesorado de garda.*

*10. A elaboración de horarios de instrumento seguirá a prelación aprobada no Consello Escolar do 3 de xullo de 2023.*

## 2. Horario de permanencia

O Equipo Directivo ten o seguinte horario de permanencia no Centro:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00 | | X | | X | |
| 9:30 | | S | S | | |
| 10:00 | VD | D VD | | VD | |
| 10:30 | | | | | |
| 11:00 | | | | D | D |
| 11:30 | | | | | |
| 12:00 | | | D | | |
| 12:30 | D | | | | |
| 13:00 | | | | | |
| 13:30 | | | | | |
| 14:00 | | | | | |
| 14:30 | | | | | |
| 15:00 | | | | | |
| 15:30 | S | | | S | S |
| 16:00 | D VD X | | D VD X | | X |
| 16:30 | | | | | |
| 17:00 | | | | | |
| 17:30 | | | | | |
| 18:00 | | | | D | VD |
| 18:30 | | | | | |
| 19:00 | | | | | |
| 19:30 | | | | | |
| 20:00 | | VD | | | |
| 20:30 | | | | | |
| 21:00 | | | | | |

## 3. *Cadro xeral horario de atención titorial*

Os/as profesores/as dispoñen dunha hora a semana para atención a alumnos/as e a pais/nais (titorías), que deberá estar nunha franxa horaria de tarde a partir das 15:00 h.

| | **Apelidos, Nome** | **Especialidade** | **Horario de titoría** |
|---|---|---|---|
| 1 | Agrelo Otero, Enrique | Violín | Luns e venres 15:30-16:00 |
| 2 | Alama Constancio, Javier | Fagot | Mércores 18:00-19:00 |
| 3 | Alvarez Feal, Begoña | Fund. Composición | Mércores 21:00-21:30 |
| 4 | Álvarez Prego de Oliver, David | Guitarra | Luns 20:00-20:30 |
| 5 | Álvarez Varela, Carmen María | Linguaxe Musical | Xoves 15:30 -16:00 |
| 6 | Barcia González, Gustavo Adolfo | Contrabaixo | Martes 18:00-18:30 e 19:30-20:00 |
| 7 | Beiro Crespo, Pilar | Linguaxe Musical | Luns 20:30-21:00 |
| 8 | Bello Garea, Paloma | Piano | Martes 20:00-20:30 e venres 15:00-15:30 |
| 9 | Camino Saco, Silvia | Óboe | Martes 16:00-17:00 |
| 10 | Carralero Conde, María Jose | Arpa | Mércores 15:00-16:00 |
| 11 | Castrillón Díaz, María Teresa | Linguaxe Musical | Venres 15:30-16:00 |
| 12 | Cendán González, Alma María | Piano | Mércores 16:00-16:30, xoves 11:00-11:30 |
| 13 | Dapena Merlán, Lorena | Piano | |
| 14 | Dopazo Gondar, Pablo | Tuba | Luns 21:00-22:00 |
| 15 | Doural García, Xabier | Linguaxe Musical | Venres 15:00-16:00 |
| 16 | Fariñas Álvarez, Pedro | Gaita Galega | Martes 15:30-16:00 e 18:00-18:30 |
| 17 | Fernández Casero, Judith | Piano | Luns 15:30-16:00 xoves 19:00-19:30 |
| 18 | Fernández Fernández, Genaro | Piano | Venres 20:00-20:30 |
| 19 | Fernández García, Roberto | Piano | Venres 16:00-16:30 e 20:00-20:30 |

| | **Apelidos, Nome** | **Especialidade** | **Horario de titoría** |
|---|---|---|---|
| 20 | Fernández Valdivieso, Rosa Mª | Violín | Mércores 17:30-18:00 |
| 21 | Filgueira Ponce, Carlos Esteban | Piano | Xoves 18:30-19:00 e 20:00-20:30 |
| 22 | Folgueiras López, Jose Antonio | Viola | Luns e Mércores 15:30-16:00 |
| 23 | Font Belmonte, Isabel | Violoncello | Luns 15:00-16:00 |
| 24 | Galán Piñeiro, Marcos | Óboe | Mércores 18:00-19:00 |
| 25 | García Rios, Ermitas | Fund. Composición | Mércores 19:00-20:00 |
| 26 | García Ríos, Pilar | Percusión | Martes 18:30-19:00, mérc. 17:00-17:30 |
| 27 | García Riveiros, Soraya | Frauta Travesa | Xoves 20:00-20:30 e venres 19:00-19:30 |
| 28 | Genó Alonso, Jorge Ricardo | Piano | |
| 29 | Gil Lago, Maria De La O | Clarinete | Luns e xoves 15:30-16:00 |
| 30 | Gimeno Tomás, Adolfo | Trompa | Xoves 20:00-21:00 |
| 31 | González González, Elena | Piano | |
| 32 | Gutierrez Escudero, Agueda | Guitarra | Venres 15:30-16:00 |
| 33 | Hevia Gómez, Iria | Piano | |
| 34 | Iglesias Vicente, Jesús | Acordeón | Martes 20:00-20:30, mérc. 17:00-17:30 |
| 35 | Infante Souto, Sofía Oriana | Fund Composición | Martes 16:30-17:00 e 18:00-18:30 |
| 36 | Insua Pardo, Xiana | Linguaxe. Musical | Martes 15:00-15:30 |
| 37 | López Hermida, Alberto | Saxofón | Mércores 20:00-21:00 |
| 38 | López Leiras, Óscar | Percusión | Luns 18:00-19:00 |
| 39 | López Sánchez, Francisco Javier | Trompeta | Martes 15:30-16:00 e mérc. 19:30-20:00 |
| 40 | López Suárez, Edorta | Piano | Venres 19:00-19:30 |
| 41 | Lorenzo Area, Sergio | Piano | |
| 42 | Matos Argibay, Uxía | Linguaxe Musical | Venres 15:30-16:00 |
| 43 | Moreira Vázquez, Sergio | Linguaxe Musical | Venres 15:00-16:00 |
| 44 | Nogueira Pérez, Cristina | Violonchelo | Venres 15:00-16:00 |
| 45 | Pantín López, Olalla | Frauta Travesa | Martes 20:00-21:00 |
| 46 | Pazos Bellon, Andres | Piano | Mércores 20:00-21:00 |

| | Apelidos, Nome | Especialidade | Horario de titoría |
|---|---|---|---|
| 47 | Pazos Sánchez, Carmen | Linguaxe Musical | Martes 15:00-16:00 |
| 48 | Pérez Vázquez, Carolina | Canto | Luns 15:00-15:30 e mérc. de 18:30-19:00 |
| 49 | Picado Molares, Inés | Viola | Martes 15:00-16:00 |
| 50 | Pita Evia, Alexandra | Piano | Luns e martes de 15:30-16:00 |
| 51 | Pita Evia, Catarina | Linguaxe Musical | Venres 15:00-16:00 |
| 52 | Pita López, Mónica | Guitarra | Mércores 15:30-16:00 |
| 53 | Rico Fernández, Iria | Violín | Mércores 15:30-16:00 |
| 54 | Saborido Roca, Mª del Carmen | Historia da Música | Luns 21:00-21:30 e xoves de 15:30-16:00 |
| 55 | San Ramon Calvo, Francisco | Clarinete | Mércores 17:00-18:00 |
| 56 | Sancho Sancho, Miguel | Piano | Luns 21:00-21:30 e mérc. de 21:00-21:30 |
| 57 | Sanjuán Pérez, Mª Isabel | Violín | Luns 17:00-18:00 |
| 58 | Sanmartin Gonzalez, David | Saxofón | Martes 15:00-15:30 e 17:00-17:30 |
| 59 | Soto Sobrado, Carlos | Trombón | Luns 15:30 a 16:00 e 19:00 a 19:30 |
| 60 | Vazquez Lorenzo, José Luis | Clarinete | Xoves 19:00-20:00 |
| 61 | Yáñez Ríos, Ana | Guitarra | Luns 15:30-16:00 |

## 4. Horario de utilización das instalacións do centro

Dende o 11 de setembro de 2023 e ata o 28 de xuño de 2024, o Centro permanecerá aberto de luns a xoves dende as 9:00 h. ás 22:00 h e o venres de 9:00 h. a 21:00 h.; de igual xeito, o Centro permanecerá aberto cando se desenvolvan actividades extraescolares programadas no Centros fora dos días e horas antes mencionados e, se fora preciso, previa autorización da Xefatura Territorial.

Se entenden como actividades programadas, ás actividades extraescolares de formación, sexa de membros da Comunidade Escolar ou cursos organizados por algún departamento do Centro ou calquera outra actividade contemplada na Programación Xeral Anual ou informado ao Consello Escolar e autorizado polo Equipo Directivo no ámbito das súas respectivas competencias.

Durante os meses de xullo e agosto o horario de apertura do centro será dende as 10 ás 13 horas, con excepción daqueles días nos que existan obras, estando en curso procesos de preinscripción ou matriculación ou probas que fagan preciso manter máis tempo aberto o centro.

## 5. Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autovaliación do conservatorio

No primeiro Consello Escolar que se convoque despois de finalizar un Trimestre, un dos puntos da reunión será a Avaliación dos Obxectivos da PXA, o cal se realizará a través dunha enquisa.

## 6. Outras consideracións

**Reunións dos Órganos do Centro: Claustro, Departamentos e CCP**

Segundo acordo de Claustro do 26 de Abril de 2017, o día de reunións (Claustros, Departamentos, CCP…) será os martes en horario de mañá; máis concretamente, as reunións de Departamento son de obrigada asistencia unha vez ao mes, como mínimo, e terán lugar o primeiro martes lectivo de cada mes.

**Calendario de actividades e Sesións de Avaliación e demáis aspectos de funcionamento**

A distribución de sesións de avaliación ao longo do curso están programadas e quedan rexistradas no calendario de funcionamento do Centro que se facilita a todo o profesorado por e-mail baixo o nome de "Calendario básico de actividades", que inclúe audicións, avaliacións, datas límite para introducir as notas e faltas na aplicación, etc. e que se amosa nos claustros de setembro e que queda publicada na web do Centro.

Tódolos docentes dispoñen con antelación suficiente á convocatoria da sesión de avaliación, as súas instrucións para o correcto desenrolo da reunión.

O Centro solicitou o 15 de febreiro de 2024 como día non lectivo.

# Calendario académico do CMUS Xan Viaño de Ferrol 23-24

XAN VIAÑO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE FERROL

**Setembro**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

**Presentacións:** Do 11 ao 14 de setembro.
**Inicio das clases:** 15 de setembro.

**Outubro**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

**Novembro**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

**Exames teóricas:** Do 27 de decembro ao 1 de decembro.

**Decembro**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

**Audicións cámara e conxunto**: 4 e 5 de decembro.
**Audicións cuatrimestrais**: Do 11 ao 15 de decembro.
**Avaliacións**: 12 e 13 de decembro. Peche do Nerea: 8 de decembro ás 10:00 h.
**Semana de actividades**: Do 18 ao 21 de decembro.

**Xaneiro**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

**Recitais Día da Paz:** Semana do 30 de xaneiro.

**Febreiro**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | | | |

**Exames teóricas:** Do 26 de febreiro ao 1 de marzo.
**Día de Rosalía de Castro**

**Marzo**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

**Exames teóricas:** 1 de marzo..
**Recitais Día da Muller:** 8 de marzo.
**Avaliacións:** 12 e 13 de marzo. Peche de Nerea: 8 de marzo ás 10:00 h.

**Abril**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

**Audicións de cámara:** 17, 18, 22 e 23 de abril.
**Audicións cuatrimestrais:** Do 24 ao 30 de abril.

**Maio**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

**Recitais de 6º GP:** 6, 8 e 9 de maio.
**Graduación 6º GP:** 10 de maio.
**Avaliación 6º GP e 2º BAC:** 13 de maio. Peche do Nerea: 10 de maio ás 10:00 h.
**Recital das Letras Galegas:** 16 de maio.
**Exames teóricas:** Do 20 ao 24 de maio.
**Concertos fin de curso:** 27, 29, 30 de maio.
Peche do Nerea: 31 de maio ás 10:00 h.

**Xuño**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

**Avaliacións:** 4 e 5 de xuño. Firma de actas: 6 de xuño.
**Probas de acceso 1º GE:** 5, 7, 10 e 11 de xuño.
**Probas de acceso 1º GP:** 10, 12, 13 e 14 de xuño. **Avaliación:** 18 de xuño.
**Probas extraordinarias**: 20, 21 e 24 de xuño. **Avaliación:** 25 de xuño.
**Probas de acceso a outros cursos**: Do 25 ao 27 de xuño. **Avaliación:** 28 de xuño.
- **Claustro fin de curso:** 25 de xuño.

**Xullo**

| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sá | Do |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

## Mails e teléfonos de interese:

**CMUS Xan Viaño: 981 33 33 17**
cmus.xanviano@edu.xunta.gal

**Paco, Dirección: 638 82 87 84**
direccion.cmus.xanviano@edu.xunta.gal

**Alma, Vicedirección: 638 82 87 86**
vicedireccion.cmus.xanviano@edu.xunta.gal

**Ermitas, Xefatura de estudos: 638 82 87 85**
xefatura.estudos.cmus.xanviano@edu.xunta.gal

**Quique, Secretaría: 626 23 54 75 / 638 82 87 87**
secretaria.cmus.xanviano@edu.xunta.gal

# Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

## 1. Documento de organización do centro

Será cuberto de acordo coas instrucións que o acompañen e presentado en anexo.

## 2. Modificacións do proxecto educativo

Non existe modificación algunha ao P.E.

## 3. Programacións didácticas dos departamentos

Serán remitidas a Inspección Educativa e serán expostas na web do Centro Programaciones Didácticas 2023-24 - CMUS Xan Viaño no menú do bloque da esquerda titulado *"Departamentos e programacións"* a disposición de toda a Comunidade Educativa

Tódalas programacións didácticas seguiron o modelo proposto pola Consellería de Educación e marcado pola lei vixente, ademais das apreciacións feitas polo responsable de Calidade.

Así mesmo, o profesorado informará ao longo das primeiras sesións do curso ao alumnado das programacións didácticas da súa materia. Esta información básica incluirá os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe avaliables e o seu grao mínimo de consecución.

O seguimento da Programación será un punto do día das actas dos correspondentes Departamentos que se levan a cabo unha vez ao mes, como mínimo; aportarase toda a información relevante.

# Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

## 1. Profesorado participante en programas de innovación educativa

Este curso presentámonos a dous proxectos de innovación educativa a través do Plan Proxecta +: **Música Mestra! do programa Donas de si (temática de igualdade, con 21 profesores/as participantes) e a un de Innovación lingüística chamado A música da nosa poesía (10 profesores/as participantes).**

Coordinadoras:

Alma María Cendán González – Coordinadora de Música Mestra! Donas de si.

Alexandra Pita Evia – Coordinadora de A música da nosa poesía, proxecto de innovación lingüística.

En ambos casos estamos á espera da resolución para coñecer os proxectos seleccionados.

O CMUS Xan Viaño presentouse tamén ao proxecto Observa_Acción: desenvolvemento competencial desde a observación e intercambio entre iguais, que ten como como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes para a cooperación e colaboración, a construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais. No proxecto están inscritos un total de dez docentes, e estamos a espera de ser admitidos no programa.

## 2. Programa anual de formación do profesorado

En canto a formación do profesorado, o claustro de profesores/as do CMUS Xan Viaño sigue inmerso nun Plan de Formación a nivel de centro (PFPP).

Nos Claustros do 4 e 19 de setembro a Vicedirectora Alma Cendán presentou as propostas de itinerarios formativos para este curso. Finalmente son 7 os itinerarios aprobados para este curso, participando un total de 43 docentes. A través deste PFPP traballaranse as 5 competencias: dixital, didáctica, en innovación e investigación, en educación inclusiva e coeducación e comunicativa.

Está previsto participar por primeira ven no PFFP para profesorado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial, cun itinerario sobre igualdade. Estamos aínda a espera de ser admitidos.

## 3. Programa de promoción da lingua galega

O documento estará a disposición da Comunidade Educativa na web do Centro no apartado do bloque da esquerda da web: "CMUS Xan Viaño" > "Documentos do Centro".

## 4. Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Con carácter xeral realizaranse aqueles que estean previstas nesta PXA e nas programacións didácticas das materias ou que os departamentos propoñan e que implica aos docentes.

Estudiaranse as actividades que poidan xurdir de forma ocasional ao longo do curso que, tendo unha relación directa coas materias, non afecten ao desenvolvemento normal da actividade docente doutras materias.

En canto ás actividades propostas polos departamentos e polas distintas dinamizacións podemos enunciar as seguintes:

**Departamento de Cámara e Conxunto:**

- Concurso de solistas: A fase de selección será o 19 de decembro coincidindo coa semana de actividades
- Certame de música de cámara: Os grupos gañadores terán como premio a participación nos concertos de Fin de Curso no Auditorio Municipal de Ferrol.
- Concerto de Música de Cámara no Teatro Jofre (III Trimestre).
- Mini Xiras de Concertos por Institutos de Secundaria (IES Carvalho Calero, IES Fernando Esquío…) e Residencias de maiores de Ferrol.
- Concertos na rúa: Proxecto para realizar concertos das agrupacións na rúa.

**Departamento de Piano**

- Concerto de inverno no Teatro Jofre (Finais de decembro I Trimestre)
- Concerto en colaboración co CMUS Profesional de A Coruña da obra *Petites pieces* da compositora Marie Jaël no Auditorio Municipal (Mes de marzo II Trimestre)

- Intercambio Conservatorio de Valladolid (III Trimestre)
- Concertos Fin de Curso no Teatro Jofre (Mes de xuño III Trimestre)
- Colaboración nos proxectos organizados polas Dinamizacións de convivencia e EDLG.

**Departamento de Fundamentos de Composición**

- XX Certame de creación musical

**Departamento de Vento Madeira**

- Audición de Departamento no auditorio do centro.

**Departamento de Percusión**

- Audición de Departamento o 13 de maio no auditorio do centro.

**Departamento de Vento Metal**

- Intercambio musical co Conservatorio de Torrelavega (Cantabria) (III Trimestre)

**Departamento Corda Pulsada**

- Intercambio musical co Conservatorio de Torrelavega (Cantabria) (III Trimestre)
- Curso e recital en Oporto por parte da aula de arpa (Mes de marzo III Avaliación)
- Concerto no Jofre do alumnado de arpa (I Avaliación)
- Curso de violoncello
- Curso "Descifrando el estilo barroco"

**EDLG:**

- Exposición e concerto homenaxe ao Día das Artes Galegas 2023 dedicado a Martín Códax o día 17 de outubro do 2023.
- Conmemoración do 25N en colaboración co Equipo de Benestar e convivencia. (I Trimestre)
- Realización dun glosario de termos musicais en galego e a súa difusión entre a comunidade educativa. Colaboración co Cmus Profesional da Coruña e o Cmus Superior da Coruña. (I-II-III Trimestre)

- Antoloxía de poemas galegos na materia de Piano Complementario. O alumnado desta materia, recitará poemas galegos e realizará un acompañamento musical propio no piano. (I-II-III Trimestres)
- Recital poético en colaboración co IES Carvalho Calero. O alumnado de teatro do IES Carvalho Calero recitará unha selección de poemas de homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas, Luisa Villalta, con acompañamento musical propio do noso alumnado. Mes de marzo.
- Presentación de *Lugar de incendios* de Serxio Moreira o 10 de novembro.
- Colaboración nos actos da Semana da Paz co Equipo de benestar e convivencia.(II Trimestre)
- Celebración do Día da Muller (II Trimestre). Concerto de mulleres compositoras galegas.
- Celebración do Día Internacional da gaita en colaboración co Departamento de música tradicional. (II Trimestre).
- Acto de homenaxe a Áurea Rodríguez, a primeira gaiteira profesional galega. (II Trimestre)
- Conmemoración do Día de Rosalía. Interpretación dunha obra musical con texto de Rosalía no noso *Recuncho de Rosalía* xunto á colocación dunha placa conmemorativa ao pé da camelia plantada o curso pasado. (II Trimestre)
- Celebración do Día do Libro xunto co equipo de Biblioteca, cunha lectura en galego dunha selección de extractos do ensaio *O outro lado da música, a poesía* entre o alumnado e profesorado do centro, na nosa Biblioteca. (III Trimestre)
- Celebración das Letras Galegas. Terceira edición do noso *Concerto das letras coas nosas músicas,* recital de música galega, a cargo do alumnado do conservatorio no Teatro Jofre de Ferrol, para dar a coñecer e compartir o nosoproxectoco pobo de Ferrol. (III Trimestre).
- Organización xunto co Departamento de Fundamentos de composición, do *Certame de creación musical*. (III Trimestre)
- Revista *Falamus* edición nº 15 (III Trimestre)

## Equipo de Benestar e Convivencia

- Conmemoración do Día da Paz e non violencia (Última semana de xaneiro II Trimestre)

- Concertos solidarios no Nadal a favor dunha ONG onde poidamos recoller alimentos no centro. (I Trimestre)
- Recitais en Residencias de maiores de Ferrol no Nadal (I Trimestre).
- Concertos en centros educativos de Ferrol (II e III Trimestre) en colaboración co Equipo de Actividades.

**Equipo de igualdade**

- 25 N: Celebración no centro do Día contra a violencia de xénero.
- Conferencia da profesora e compositora Sofía Oriana Infante sobre a "Intelixencia artificial na música".
- Concerto de mulleres compositoras galegas, o 7 de marzo.
- Celebración do 8M, cun recital de música de compositoras, a cargo do alumnado no centro o propio 8 de marzo. O recital, contará con presentacións das compositoras e obras que van ser interpretadas, realizadas polo propio alumnado. Realizarase a gravación do recital, para a súa edición posterior e publicación en redes sociais con fins pedagóxicos.
- Exposición sobre mulleres relevantes da historia da música e propostas de audicións de mulleres intérpretes e directoras de orquestra.
- Presentación do libro "Pechando os ollos", último libro con pezas para piano da compositora galega Esther Sobral que visitará o centro, seguido dun pequeno recital do alumnado de piano que interpretará varias das súas obras.
- Intercambio co CMUS de A Coruña no que se interpretará conxuntamente *Petites pieces* da compositora francesa Marie Jaël. O alumnado de Coruña interpretará *Días chuviosos* e o de Ferrol *Días fermosos,* que conforman a obra *Petites Pieces.* Os concertos terán lugar no conservatorio de A Coruña e no Auditorio Municipal de Ferrol no mes de marzo, e contarán tamen cunhas proxecións e uns poemas introductorios. Realizarase gravación dos recitais para a súa promoción en redes sociais.
- Durante o mes de marzo, audición de música de mulleres compositoras en diferentes puntos do conservatorio (Entrada, Biblioteca, zona de descanso, Conserxería, etc.)

**Equipo de Actividades**

- Celebración do día de Santa Icía adicado este ano a Alejandro Cabalar (22 de novembro I Trimestre)

- Conferencia a cargo da compositora e profesora, Sofía Oriana Infante (I Trimestre)
- Conferencia a cargo do pianista e investigador Javier Ares sobre a figura do compositor galego Carlos López García-Picos o 21 de decembro (I Trimestre).
- Intercentros Melómano (I Trimestre)
- Organización dos Concertos de fin de curso no Auditorio (III Trimestre)
- Organización da Graduación de Fin de Grao Profesional (III Trimestre)
- Organización das Xornadas de Portas abertas e Concertos didácticos nos centros educativos de Ferrolterra.
- Concerto da Peque Banda no CMUS Coruña (II ou III Trimestre)
- Intercambio do Peque Coro co CMUS de Culleredo (II Trimestre)
- Intercambio do Peque Coro co Conservatorio de Valladolid (III Trimestre)

**ANPA**

- Concurso Bandas Sonoras (ANPA); solicitarase o Auditorio de Ferrol ao Concello de Ferrol para celebrar este concerto no mes de Abril.

Ademais da antes mencionadas, o Centro promoverá as seguintes actividades:

- Cursos
- Obradoiros
- Master clases
- Intercambios
- Concertos dentro e fóra do Centro
- Saídas didácticas
- Participación en Concursos, Festivais musicais...
- E todas aquelas que a Comunidade Educativa considere oportuna, en función das directrices incluídas no NOF.

## 5. Plan de autoprotección

O Plan de autoprotección segue vixente como os anos anteriores, sen que exista variación algunha; éste presentouse, xunto con outras recomendacións, no pasado Claustro do día 19 de Setembro de 2023

O noso plan de auto protección está integrado dentro do REGAPE.

Realizouse un primeiro simulacro de evacuación o mércores 4 de outubro.